

## UNHA POLAVILA EN CANDELOS

### Literatura popular do concello da Fonsagrada

Equipo Chaira:

M<sup>a</sup> Ofelia Carnero Vázquez  
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez  
Antonio Reigosa Carreiras  
Mercedes Salvador Castañer

*A Guillermo Fernández que estivo nesta polavila e deixounos para sempre na primavera do 2001. In memoriam.*

#### RESUMO:

*O equipo Chaira participou en decembro do ano 1999 nunha polavila que tivo lugar na aldea de Castro de Arroxo no concello da Fonsagrada. Alí, en animada conversa entre dezoito persoas, escoitáronse contos, lendas e cantares, agromou a voz vella da tradición popular. Velaquí o resultado: a transcripción das pezas de literatura popular que alí se contaron e cantaron agrupadas nunha clasificación esquemática. O valor cuantitativo e cualitativo de conxunto e a singularidade dalgunha das pezas recollidas animáronos á súa publicación sen prexuízo de que no futuro se afronten novas achegas sobre estes materiais con estudos máis puntuais e demorados.*

#### RESUMEN:

*El equipo Chaira participó en diciembre del año 1999 en una "polavila" que tuvo lugar en la aldea de Castro de Arroxo en el ayuntamiento de A Fonsagrada. Allí, en animada conversación entre dieciocho personas, se escucharon cuentos, leyendas y cantares, brotó la vieja voz de la tradición popular. He aquí el resultado: la transcripción de las piezas literarias que allí se contaron y cantaron, agrupadas en una clasificación esquemática. El valor cuantitativo y cualitativo del conjunto y la singularidad de algunas de las piezas recogidas nos animan a su publicación sin perjuicio de que en el futuro se afronten nuevas aportaciones sobre estos materiales con estudios más puntuales y demorados.*

Nas terras orientais de Galicia unha polavila foi e segue a ser unha reunión, normalmente nocturna, das xentes da veciñanza nunha casa do lugar. Antano, ó redor das lapas das lareiras, hogano, tras do lume das cocíñas económicas, e había e hai un motivo para facela; a conversa, a parola, a partida de cartas, e, polo medio, cando tercia, algúns contos, coplas, historias e sucedidos doutros tempos.

O día dez de decembro de 1999 houbo unha polavila en Candelos, casal da parroquia de Arroxos no concello da Fonsagrada (Lugo). Un amigo do Equipo Chaira, nacido no lindante lugar de Castro, Antonio Fernández, convocou para a ocasión a un grupo de veciños e citounos na casa de Manuel de Candelos para reunirse connosco, sabendo que a polavila dese día ía ser gravada polo Equipo Chaira e tamén por un equipo da Televisión de Galicia que estaba a realizar unha reportaxe sobre os nosos traballos de campo.

Cando chegamos a Candelos, aquela noite pecha de néboa e chuvia, xa nos agardaban, á parte dos da casa, Manuel, Elsa, Azucena, Xosé e Vanesa, o veciño de Lamas de Moreira, Pacífico Díaz Pardo, Francisco Mon Anta, da Casa do Pacio, Gonzalo López Yáñez, e Guillermo Fernández, avó de Antonio Fernández, a muller deste, Fina, e os seus fillos, Iria e Iago. Coas dúas persoas do equipo da TVG e os catro membros do Equipo Chaira había alí representantes de catro xeracións de xentes do lugar e de fóra, xuntos nunha polavila, ó amor do lume e dun grande mesado; dezaioito persoas compartindo primeiro a cea: lacón asado, empanada de liscos, e de postre, castañas tamén asadas, mollado todo cun bo viño feito na casa. Logo varias horas de proveitosa e inesquecible conversa.

A presenza das gravadoras, dos focos e das cámaras, que quizais comezou sendo causa de certo desasosego entre os presentes, acabou por esquecerse. Paseño, coma nunha polavila noutras circunstancias, foron xurdindo contos, lendas, coplas, historias e adiviñas, baleiradas do fardelo da memoria dos, xa para sempre, nosos amigos da Fonsagrada.

O que se publica neste traballo non é máis ca unha mostra daquela xuntanza. Textos minimamente organizados en cinco apartados: Historia oral, lendas, contos, adiviñas e poesía. Ó pé de cada texto poñemos o nome e a idade da persoa que nolo aportou. As transcricións son fieis ás variantes dialectais propias daquela zona.

### HISTORIA ORAL

"Cando se acabou a guerra" narra un suceso real da posguerra. Deixámolo aquí como mostra das posibilidades, aínda pouco exploradas, da fonte oral como documento para historiar a vida das xentes e dos lugares máis pequenos.

#### Cando se acabou a guerra

Cuando se terminou a guerra viñan vendendo aretes, cadenas e medallas, e chegou un señor moi fino, de corbata, un tío por aí de corenta anos. Vendía relojes, eso, vendía aretes, bueno, viña vendendo ...; era a terminación da guerra aí polo cuarenta e pico.

E taba un tío deste (de Manuel) na miña casa, i un tío meu viña de fóra. I entre os dous, se un era bon o outro era peor.

E entonces o tío deste estaba dentro da casa e petou á porta (o tío do narrador). E xa o conoceu na fala, e dixo:

—¡Ai, Dios, que vén aí o tolo! ¡Ai, Dios, que vén aí o tolo! —dice o tío deste. Entra meu tío cunha escopeta, e dixo:

—¡Brazos arriba!

Fai o tío deste:

—¡Ai, Dios, que lle roubou a escopeta ó irmao! ¡E vains matar a todos!

O señor aquel que tiña a maleta alí toda chea de cadenas e aretes, un tío ben vestido por certo, dixo:

—¡Brazos arriba!

Todos cos brazos pa riba. E tiña eu un irmao que agora ta na Argentina, e dice:

—¡Mire, ese señor non levanta a mao!

Aquel home levantaba as maos al cielo. E as que lle fizeron a aquel home aquela noite.

E despois meu tío traía unha navalla de Albacete ie a escopeta, claro. A escopeta decía o tío que lla roubara ó irmao.

E tiña un bigote moi guapo. E dícelle ó tío deste:

—¡Veña, alúmame! —era o lume de arrastro, o lume de lareira. Dice— ¡Alúmame que lle teño que afeita-lo bigote! ¡E alúmame ben que se non ráscoche a barriga!

Sacaba a navalla de Albacete e pasáballe ó tío deste pola barriga. O tío deste sacaba o tizón e alumáballe ó outro. Isto foi certo, eh; isto foi verdá. Co tizón de carballo metíallo nas narices. E decíalle:

—¡Alúmame, que te rajo a barriga!

—¡Cortoume! —decía— ¡Xa me cortou!

E afeitáronlle o bigote ca navalla de Albacete.

Despois taba unha caldeira, sabrán o que é a caldeira dos cochos, taba chea de nabos e patacas, e decía meu tío:

—¡Veña, comer cada un un nabo!

Collía a escopeta, decíalle o irmao que teño agora na Argentina:

— ¡Mira, este señor non come nabos!

Collía o nabo, esto foi verdá; comía o nabo enteiro. Enfocáballe a escopeta:

— ¡Ai, Dios; ai, Dios, hoi vainos matar a todos!

Tal terror lle sembrara ó tío. E non conocía a nadie. Sembráronlle aquel terror que aquel home comeu nabos alí aquela noite, patacas da caldeira, .... Bueno, as que lle fizeron.

Bueno, despois, el debía ser, debía ser comunista ás dúas maos, e decía meu tío:

— ¡Brazos arriba!

E decía:

— ¡Mire, ese señor cerra o puño!

Aquel home se poidera matar a meu irmao, matábal, matabol, porque era, debía ser un comunista.

— ¡Si, si, señor, eu si, eu levanto!

Levantaba os dous brazos pa riba. Bueno, pasaron a noite, pasaron a noite ... con el.

Francisco Mon Anda (71 anos)

## LENDAS

Agrupamos neste apartado trece relatos lendarios; é dicir, que tratan de seres do sobrenatural ou do imaxinario colectivo, fillos das crenzas, pouso da tradición que aínda bule resistíndose a desaparecer. Dous tratan dos tesouros míticos: "O tear de ouro e o xugo de ouro", localizado no Castelo de Vilabol, Lamas de Moreira (A Fonsagrada); e "O tesouro", referido ó castro de Castro de Arroxo, parroquia do mesmo concello da Fonsagrada.

Cinco máis teñen como protagonista o trasno nas súas diferentes figuras e transformacións: "O trasno transformado en vaca" e "Outro trasno transformado en vaca" teñen en común visións deste enredante en figura de vaca; "O trasno queima a sebe" narra o que se chama unha trasnada; "O trasno en figura de carneiro" é unha versión máis das moitas que hai referentes ó trasno transformado en año ou carneiro, para rematar cun "O trasno dos dentes largos" no que se nos conta como o trasno toma a figura dunha moza para burlarse do noivo da rapaza. Vese que, a pesar do que nos dixo Manuel López: "O Demo anduvo por aquí pero despois capárono, ligárono os curas. Acabouse o Demo", aínda sigue tendo presenza no imaxinario da montaña.

A seguir outros cinco textos máis tratan de asunto relixioso: "A desaparición de San Esteban", no que se desmitifica o moi coñecido tema da desaparición-aparición milagrosa de imaxes de santos; "A tronada e o santo", narración que tamén tende á desmitificación da crenza que atribúe a determinadas imaxes poderes contra a tronada; "As campás espantan o trono e falan", que testemuña a importancia das campás e dos seus sons contra a treboada. "Orixe da Fonte Santa de Fonsa-

grada", relato ben coñecido en toda aquela comarca que se pode considerar etiolóxico xa que explica a orixe do topónimo Fonsagrada, e "Ofrenda á Virxe do Cebreiro", un clarificador relato sobre as formas que poden tomar as ánimas e as razóns que provocan que se mesturen cos vivos.

Deixamos para remate deste capítulo unha narración que é mestura, cando menos, dunha lenda etiolóxica que explica a orixe do apelido Xegunde, dun conto que fala de relacións entre curas e monxas, doutro conto dos chamados marabillosos e dalgúns sucesos que se teñen por históricos.

### **O tear de ouro e o xugo de ouro**

No meu pueblo contábase que había un tear de ouro. Hai un castro e había un tear de ouro; e que no primeiro roble que lle daba o sol, que alí taba.

Decían que había un libro, unha lenda desas que contaba eso.

E entonces, desde ese pueblo á parroquia de Lamas de Moreira que polo camín que tamén había un xugo de ouro metido no camín, e que chegaría un momento que o carro que lle gastaría o que chamamos nosoutros a camela, o cacharro ese de meter no pescozo; pero, bueno, eso contábase, pero non apareceu.

Pacífico Díaz Ramos(65)

### **O tesouro**

Aí decían que había un tesouro; nunha pena aí decían que había un moro, que decían: "Onde apunta el moro está el tesoro".

Gonzalo Fernández López (76)

### **O trasno transformado en vaca**

Foi unha vez, hombre. Unha vez unha señora aí de Manolín de Vilamaior, incluso era media irmá de miña mai, i ela, se conoce, que la acometía o trasno.

Así polo oscurecido, cuando marchou, eu tería oito ou nove anos, era un crío, mandoume que fose con ela. E díxome:

— Vén comigo aí asta A Regueira.

Claro, quedaba así no medio do camín. Pero salimos e había unha vaca pacendo aí ó lado de abaxo, ó fondo da nosa horta, máis ou menos onde ta agora a horta. Levaba o cinzarro e pacía, era así algo bravo.

Ela non me dixo nada. Eu aquela vaca conocina que era da casa dela, era de Manolín, e sei como se chamaba. Ela seguiu, e eu; seguimos. Ela non me dixo nada da vaca nin nada de nada. A vaca subiu pa riba, pasou arriba do camín, foi

cuanda nós. Chegou ó rego, había que saltar alí pra un prado, tirou unhas pedras pra saltar, e saltou, e seguiu tocando o cinzarro por aló arriba.

I eu fun asta a porta con ela. Pero eu, de volta, viña solo, claro, pero a min non se me apareceu nada. Eso acórdolo i eso pasoume. A min directamente o trasno nunca figuras me saliu.

Gonzalo Fernández López (76)

### Outro trasno transformado en vaca

I outra vez viñámosche de Fonsagrada, Landeira de Veiga, Casanova de Vila-maior i eu, e chegamos riba da horta, eu aínda era un chaval tamén, aínda non fora á mili, e dixo Casanova:

—¡Coño, onde ta a miña marela! ¡Aí, nas hortas!

E díxolle Landeira:

—¡Vou eu sacala!

Bueno, marchou Landeira sacala. Pasou da horta de riba, que tu conoces, pas hortas de abaxo. E Landeira baixou ás hortas de abaxo pero a vaca marchou pa cortiña. Entonces deixou a vaca. E díxolle:

—¡Vai e mira a ver se tein a vaca na corte, ho!

E foi e, claro, a vaca taba na corte.

Gonzalo Fernández López (76)

### O trasno queima a sebe

Contábase no meu pueblo que había un señor que o tentaba moito o trasno. E aparecíalle ardendo alí nunha sebe, ¿sabeis o que é unha sebe?

Un pedazo de sebe aparecía cun lume mui grandísimo e mui fuerte, i entonces iba, pa que non lle seguira, iba e cortaba a sebe un pouco; partía.

E, bueno, marchaba para casa e sofocaba aquilo. Cuando de alí a un rato taba ardendo noutro sitio, fuerte, fuerte, fuerte, e non vía forma de apagar aquel lume, de cortalo. E iba, cortaba a sebe outra vez, por un lado e por outro, e ardía aquel trozo e non lle seguía ardendo. E, moi ben; e así toda a noite.

E cando foi día, dixo:

—Bueno, xa non me queda que ir ver porque ardeume todo.

E foi, e namais había o que il desfixera pa que non pasara o lume. O máis non ardera nada, non houbera tal lume nin tal fogo. Non houbera lume nin nada.

Pero contábase e ademais dicíase que a este señor lle pasara alí no pueblo e todo.

Pacífico Díaz Ramos (65)

### O trasno en figura de carneiro

Era o trasno. Un que tiña un, un cordeiro, un carneiro i ¡eh! mui grande. I un día viña da feira i atopou o carneiro no camiño, aterecido, taba aterecido o carneiro, era así de inverno. E colleu el e trougolo ó lombo como poido para casa e quentou ben onde o lume. E iba revolvendo, e iba revolvendo para quentalo i así que...así que il quentou ben, pegou un estoupido e dixo:

— ¡Ujurujú, vouche ben quente!

Manuel López Díaz (60)

### O trasno dos dentes largos

Era un rapaz que iba de mozas e entonces polo camín pois aparecéuselle a rapaza. E bueno, claro, mui gozoso por encontrarse coa rapaza e tal pero de momento a rapaza desapareceuse. E chegou ao pueblo e á casa da novia e tuvo ca novia e contoulle o caso que lle pasara. Estándollo contando, díxolle ela:

— Mira — Porque a el regañáranlle unhos dentes mui grandes; entonces estándolle contando no cuento, díxolle ela a el: ¿E serán estes, Maruxa?

¡E logo! Era o mesmo trasno que seguía acompañando; non era tal novia. Eso pasáralle aí a un de Vilamaior, a Cabozo, en Vilamaior.

Gonzalo Fernández López (76)

### A desaparición de San Esteban

Alí no meu pueblo hai unha capilla; esto cóntano os veciños alí como certo. I o patrón de alí é o San Esteban. E de vez en cuando desaparecía, sobre todo naqueles tempos cuando quitaran os diezmos e as primicias; deixaran de cobrar eso os curas.

I o cura quería seguir cobrando, esto é certo, dícese que foi certo, e desaparecía o santo. E, claro, había unha misa, reuníanse todos na misa: ¡Que marchara San Esteban, que tiñamos que reconocer que había que pagarlle e había que darlles o que se lles debía ós santos, que non se podía pasar por alto, e tal! ¡Pois temos que ir a buscalo! ¡Pois, a buscalo!

E marchaban. E iba o cura diante cas maos dreitas:

— ¡Pareced, San Esteban; pareced vós! ¡Acercaos, San Esteban; acercaos vós! — e revolvíase para o pueblo — ¡Que los diezmos y primicias los pagareis vós! ¡Apareced, San Esteban, apareced vós, que los diezmos y primicias los pagareis vós! ¡Oremos, Señor, padre nuestro que estás ...! ¡Santa María ...!

Volveron e, bueno, non todos pagaron os diezmos pero algunhos si. Volveron co santo, el xa sabía onde o levara, e trouxeron o santo, apareceu algún diezmo e algunha primicia. Foi bon.

Esto cóntase certo, eh. Non se conta como leienda.

Pacífico Díaz Ramos(65)

### A tronada e o santo

Heilles contar o de Dionisio cando a tronada, ho. No ano corenta e nove, mira tu; no ano corenta e nove houbo unha tronada eiquí moi fuerte que levou as pontes que había e casi as casas; arrasou todo, con todo. Entonces eiquí neste pueblo eiquí do lado, en Veiga hai unha capilla que ten a San Francisco. E unhos veciños foron e sacaron a San Francisco para fóra, a ver se paraba de caer pedra.

E tuvo elí. Baixaban as pedras, eran tan grandes. San Francisco taba sin un brazo; dicen que llo quitara unha pedra, que caían de riba.

Entonces aí un home que se chama Dionisio, inda vive hoi, fixera moito mal na casa del. Alí arrimárase ó palleiro, á portada e inundáraselle a casa, e tal e cual. E dende que pasou, algo aínda chovía, aínda caían pedras, salíu para fóra por alí adiante dar un paseo a ver como ía o río, e chegou onde a capilla. Estaba San Francisco fóra e caíanlle as pedras pola cabeza, e quitáralle o brazo; e dixo:

—¡Me cago en Dios! ¡Tas eí! ¡A culpa non a tes tu, a culpa tena quen o puxo eí! ¡Non tornas de ti!

Non tornaba del. ¡Como había tornar dos outros, claro! El podía decir non tornas de ti, como has tornar dos outros.

Eso tamén foi verdá. Aínda non morreu quen o dixo.

Manuel López Díaz (60)

### As campás espantan o trono e falan

Sí, tocaban as campás. No meu pueblo había unha capilla, aquela que dixeran antes [capela de S. Francisco, en Veiga] e cando viña o trueno iba un señor e tocaba a campá mui fuerte: ¡Tun, tun, tun, tun, tun, tun! E dicían que dicía a campá:

—¡Tente trueno, tente tú, que Dios pode máis que tú!

¡Pun, pun, pun, pun! E alí estaba o señor tocando. E, bueno, dábase o caso de que non tronaba, e dixo:

—Foi boa a campá, tu mira como esporeciu a nube.

E si caía, dicían:

—¡Claro, non a foi tocar a tempo!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### Orixe da Fonte Santa de Fonsagrada

Antes a Virgen de Fonsagrada taba na Puebla de Burón. Alí taba o juzgado e o ayuntamiento, taba todo; era unha gran puebla. E despois o cura vía aí un bon sitio, aí pa riba, para donde ta A Fonsagrada, e había unha fonte milagrosa alí, que hoi non beben nin as vacas nela, e corre, pero parece que é ruín a auga. E [o cura] levaba a Virgen para alí.



E veña, iban por ela para Puebla de Burón pero a Virgen volvía a marchar de noite pró Carballal, prá Fonsagrada. E dixeron:

—Bueno, hai que lle facer unha ... . Entonces, a Virgen non quere parar aquí.

E dixo o cura:

—Hai que lle facer unha capilla arriba onda a fonte.

Que é onde ta. E levárona para alí e por eso ven hoi o nome de Fonte Sagrada. Foi cuando había o Camín de Santiago por aí. E despois viñan os peregrinos peregrinar aí e foi cuando deu en correr o pueblo para alí. Traían os cuartos para onda a capilla e non os levaban para Puebla, e foi cando subiron todo para riba. Esa é outra leienda.

Manuel López Díaz (60)

### A ofrenda á Virxe do Cebreiro

Ben sabeis vosoutros que hai ese santuario no Cebreiro que é tan importante. E eiquí unha muller parece que morreu i o fillo sabía que quedara ofrecida ó Cebreiro; ela i el.

E, claro, el iba ca facenda, e déuselle en meter na cabeza que quedara sin cumprir-la oferta, i on día saliulle a madre, taba ca facenda e saliulle a madre e díxolle que tiñan que ir cubri-la ofrenda ó Cebreiro. E díxolle:

—I eu, ¿como hei de ir, como hei de ir cumprir-la oferta, mamá, que non teño nin roupa nin cuartos?

E dixo:

—Non che fai falta roupa. Tu vente comigo; non che fai falta roupa que has de ter de todo.

E, ala, marcharon. El deixou pacendo as cabras e as ovellas no monte e marchouse; marchouse ca madre pró Cebreiro. I hasta que chegou onda a igrexa iba a madre con el. E despois na misa viu unha sombra, vía unha sombra onde el. E así que acabou a misa, acabouse a sombra.

Manuel López Díaz (60)

### O Palacio de Arroxo

Esto foi unha historia pero é realidá. Había un palacio e hai. Pero bueno, daquela cuando se empezou o palacio inda non había o palacio desta parroquia. Os ricos viñeron de outro pueblo que se chama Xegunde; por eso aínda hai poucos anos os de San Martín apellidaban Xegunde.

Entonces, aí nun pueblo había unhos curas que eran moi ricos, i había un convento do outro lado de monxas, do outro lado do río. E tiraron un amieiro no río e pasaron para onde as monxas, e apareceron non sei cuantas monxas embarazadas alí. E foron mirar quen foran e foran os curas de Xegunde. Entonce arrestáronos;

xa daquela o clero, xa daquela mandaba algo...;E pra poder con esa xente! Aquela xente era unha xente, que xa irei contando que xente era despois.

Arrestáronos donde non oísen perro ladrar nin galo cantar. Entonces hai unha casa aí arriba do palacio que se chama Abade, de aí ven o nome de Abade, e arrestáranos para aí, e foi cuando ficeron o palacio eiquí. Bueno, despois, claro, esta era unha xente moi rica, moi rica, que iban a Madrí e dormían sempre na casa. Iban a Madrí con un cabalo e dormían sempre en casa deles. Iban a Avilés e dormían sempre na casa deles. A Avilés meu bisabuelo foi andando con unha burra, tiña unha burra castellana e foi andando comprárille-la renta a Avilés a eses, a esa xente do palacio.

Bueno, entonces esta xente pois tiña falta de algo, aunque tiña guardianes, tiña falta. E tiña unha cuza que lle chamaban Chata. Entonces como tiñan moitos caseiros un lle daba un cabrito, outros lles daban un cordeiro, outros lles daban .... Entonces facían un santo de palla e botábanlle o corazón a aquel roxelo, como dicen eiquí que se chamaba, debaixo do lado izquierdo e botábanlle a cuza. Decíanlle á cuza:

—¡Chata, ataca e amarra!

Era a consigna que lle daban. I ela, a cadela, collía i e poñíase, poñíase o santo de palla, que facían aí i eso, e sacáballe o corazón e comíallo.

I un día iba con un dos señores para Avilés. I o señor, como todo o que había deica Avilés era deles, pois durmiu nunha casa e saliulle un ladrón. Il iba cobrando rentas e levaba un cabalo, e levaba a Chata e díxolle:

—¡Chata, ataca e amarra!

I el deulle espuela ó cabalo, i a cadela quedou co señor e despois foi durmir alí a unha casa e chegou a cadela máis tarde ladrando á porta. E díxolle, abríulle a dueña e díxolle:

—¿Que trae su perra que así viene ensangrentada?

E díxolle:

—Me salió uno aí arriba (Porque daquela os señores eiquí falaban o castellano); me salió uno aí arriba que me quería robar y se quedó la Chata con el.

E dixo [a muller]:

—¡Ai Dios, que era o meu marido!

Ela sabía que iba alí.

Ie aí neste palacio había horca y cuchillo. Había unhas señoras aí, unhas donas que había aí e non había misa nesta parroquia, iban misar a outra, a Lamas de Moreira. Entonces elas, claro, elas iban escoltadas por unhos soldados e tiñanlle dito ó cura que non se puñese a decir misa sin que fosen elas, sin que chegasen elas. I elas iban cuando lle parecía, pero aquel día parece que se demoraron máis e o cura parece que se puxo a decir a misa. E chegaron elas e mandáronlle ós soldados disparar ó cura. E disparoulle ó cura; o soldado disparoulle ó cura.

Claro, os curas xa mandaban daquela tamén, se ve que mandaban, e o soldado, claro, non quería declarar porque fora el, porque, claro, tiña medo ás señoras e tal. I entonces taban así e iban declarar a Lugo andando. I en Castroverde pare-

ce que, e iba moita xente, a xente que taba na misa, toda a xente da parroquia, i en Castroverde parece que pararon alí nun sitio. E dixo un soldado:

—¡Válgame Dios, cuanta, cuanta xente arrastrada por culpa dunha mala cabeza!

Entonces a camarera que había clavoulle un alfiler ó soldado na guerrera. E mandou o propio a Lugo, e díxolles:

—Mirai o soldado que leva un alfiler clavado na guerrera e apretaino, que ise ten que saber algo.

E así miraron cual era o soldado que levaba o alfiler na guerrera e miraron, e apretárono e dixo que fora el pero que lle mandaran as señoras.

Entonces arrestáronas a arrastrar ó rabo de dous cabalos; en cuanto se oísen as campás de Lamas, da parroquia de donde iban. Ie as campás de Lamas oíanse moito ie mandáronas eiquí para outro sitio que se chama Sena; cambiáronas, cambiaron [as campás] de Lamas por as de Sena. E cada vez que oio as campás de Sena desde eiquí arriba, acórdome. Que oiense desde eiquí arriba; desde onde temos nós o pastizal oiense divinamente e acórdome do caso ese. Cambiárona pra que se oisen menos. Para que se oísen menos i as arrastraran menos. Aí tes, estiveran menos tempo tiradas polo rabo do cabalo. Eso si que creo qui é, todo esto que conto creo que era verdá. Mientras vive a persona co conta non ten porque ser tanta mintira.

Manuel López Díaz (60)

## CONTOS

Clasificamos como contos trinta e tres narracións que subdividimos en tres apartados: *contos de animais*, *contos rubios* e *contos varios*.

Comezamos con oito *contos de animais* que, atendendo ós criterios do catálogo internacional *Los tipos del cuento folklórico*, de A. Aarne e S. Thompson, corresponden ós seguintes tipos: "A raposa e o galo", (T. 61A ); "Os bautizos da raposa", (T. 15); "O rabo da raposa", (T. 56A ); "Os animais amigos", (T.130); "As vodas do ceo" e "A raposa e a aiga nas vodas do ceo", dúas versións do mesmo conto (T. 225); "Marzo e o pastor", (T. 294); e un inclasificable "Tres caracóis".

Seguen a estes contos de animais catorce relatos de tema erótico que agrupamos baixo o título de *contos rubios*. Así é como lles chaman naquela comarca ós contos tamén coñecidos como colorados, porcos, cochos, ...etc, e que son, se cadra, os de máis vixencia na cadea de transmisión oral.

Baixo a denominación de *contos varios* van 11 textos con diferentes temas. A maior parte son chistes e anécdotas.

## CONTOS DE ANIMAIS

### A raposa e o galo

I esoutro que decía cuando a raposa botou co galo tamén e quitoulle as plumas, i o galo marchoulle para un acreixal; e dicíalle a raposa:

— ¡Volve, ho! ¡Volve, solve eiquí!

Decía:

— Non volvo, non.

— Si, ho. Vén busca-la roupa.

Dixo:

— ¡No, que logo che me ha nacer outra!

Manuel López Díaz (60)

### Os bautizos da raposa

Outra vez tamén era a raposa, e matara o lobo un carneiro. E tíñano alí nun sitio e díxolle a raposa:

— Teis que repartir connmigo. Tes que repartir connmigo que tu agora non teis fame; xa comiches outro e non teis fame.

— Bueno — díxolle o lobo — Bueno.

E dixo:

— Pero eiquí non pode tar; o carneiro non pode tar eiquí. Nós temos que ir deitarnos máis adiante porque pode vir o amo e darnos uns paus.

I entonces, a raposa, de alí a un pouco que taba alí dixo:

— ¡Que, que!

E decíalle (o lobo chamáballe Xan e a ela chamábanlle Mariquiña). E dixo:

— ¿Quen te chama, Mariquiña?

— Bautizos al cielo. ¿Déixasme ir, Xan?

— Vai.

Foi a raposa e empezou o carneiro. E despois, así que tivo a raposa máis fame, volveu e:

— ¡Que, que!

— ¿Quen te chama, Mariquiña?

— Bautizos al cielo. ¿Déixasme ir, Xan?

— Vai. ¿Como lle puñeches?

— Medelo.

— ¡Non sei si poñería-lo carneiro ó medio!

— Ai, non; eu non, Xan. Non sei tu.

E máis tarde, dixo outra vez.

— ¡Que, que!

— ¿Quen te chama, Mariquiña?

— Bautizos al cielo. ¿Déixasme ir, Xan?

— Vai.

E foi; cando volveu dixo:

—¿Como lle puñeches?

—Cabelo.

—Non sei si acabaría-lo carneiro.

E dixo:

—Ai, non, Xan. Eu non sei tu; eu non, eu fun ós bautizos al cielo.

E, bueno, desde que lles deu a fame pola noite arriba diceron:

—Bueno, agora imos comer o carneiro, que agora non vén o amo.

Chegaron alí taba o sitio. E a raposa dicíalle:

—¡Ves, Xan; fuches tu!

Xan dicíalle:

—¡Non, Mariquiña, fuches tu!

E díxolle a raposa:

—Bueno, pois vamos deitarnos a dormir i o que antes lle sude o rabo foi o que o comeu.

E así que o lobo roncaba, foi a raposa e mexoulle no rabo, e díxolle:

—¡Ves, Xan, ves como fuches tu, ves como che suda o rabo!

Manuel López Díaz (60)

### **O rabo da raposa**

Eso é, a raposa cando veu e botou cas pitas, e o galo marchoulle para un garfíeiro, unha freixada que dá garfias.

Despois a raposa empezou a serrar co rabo e dicía:

—¡Serra, meu rabo, se queres comer galo! ¡Ai, meu rabo, si foras de aceiro para serrar este garfíeiro!

Manuel López Díaz (60)

### **Os animais amigos**

Unha vez tamén era un can que o querían matar pro outro día. E púxose a comer unha ovella. Ie chegou por alí un burro e díxolle:

—¿E tu que tas facendo, ho?

E dixo:

—Toume enchendo ben, que mañá querenme matar; así, polo menos, vou ben farto.

E dixo:

—Vente connigo, que tamén a min me pasa eso, e vámonos.

Máis adiante atoparon con un gato. O gato taba no chao dun queixo, e díxolle:

—¿Que tas facendo, ho?

E dixo:

—Querenme matar mañá e toume enchendo ben.

—Vente con nós.

Máis adiante había un galo nunha aira, taba comendo ben graos e díxolle:

—E logo, ¿que tas facendo?

Pois o mesmo que os outros:

—Tamén me queren matar.

E, claro, marcharon. E anduveron, claro, iban huindo do enemigo. Anduveron quen sabe o que.

E foilles noite; e dixéronlle ó gato:

—Súbete aí a un carballo, a ver se ves algunha luz por algún sitio.

E subiu ó carballo e dixo:

—Vexo unha luciña pero ta mui lejos, mui lejos.

E bueno:

—¿E con que dirección?

—Pois, pra alí.

E colleron todos pra alí. E chegaron alí e miraron pola fumeira, así, por arriba.

E había unha cocíña de arrastro; eran os ladrois que taban comendo. Tiñan unha mesada de comida e moitos cuartos. E dixeron:

—¡E como hamos facer! ¡Bueno, pois, o burro a ornear, o galo a cantar, o can a ladrar i o gato a miar!

E empezaron con aquela faena. E os ladrois:

—¡Aí, que eí viene la tropa! ¡Aí, que eí viene la tropa!

E marcharon. Pero desde que chegaron aló lejos, dixeron:

—E, ¿que sería aquilo, ho? ¿Que sería aquilo?

Mandáronlle a un volver a mirar. I eles, desde que cenaran e se puñeran ben fartos, dixeron:

—Bueno, pois ahora o burro á cuadra, o can á porta, o gato ó son do lume i o galo ó poleiro.

E mandáronlle a aquel volver mirar. E foi, e pasou pola cuadra i o burro meteulle dúas patadas; despois pasou pla porta i o can mordeuo nunha cacha, e despois iba mirar a ver se había lume. Esgarellaba nos ollos do gato, como aluman de noite, i o gato tirouselle á cara; desfízolla toda. I o galo cantaba.

Cuando (o ladrón) chegou xunta os outros, preguntáronlle:

—¿Que había alí, home? ¿Que había alí?

—¡E que iba haber, hombre! ¡Que iba haber! ¡Pasei pola cuadra del burro, me metieron dos lapotazos; pasé por la puerta, me quitaron una cacha; iba mirar a ver se había lumbre, me deshicieron la cara! ¡I aún decía el outro (o galo facía cacaracá); aún decía el otro: ¡Traimelo pacá, traimelo pacá! ¡Aquel, se me pillara, me mataba!

**As vodas do ceo**

Díxolle a raposa á aiga:

- ¿Pra onde vas aiga que vas tan bonita?
- Voi para unha voda pal cielo ¿queres vir?
- Si.

E foi subindo e decíalle:

- ¿Vei-lo terreo?

Dicíalle:

- Si.

E subía máis.

- ¿Vei-lo terreo?

- Si.

Pero desde que subiu moito, díxolle:

- ¿Vei-lo terreo?

- No.

¡Ai! Deu media volta e mandou a raposa para baixo. E iban fronte a unha pena e dicía:

- ¡Aparta, pena, que te parto!
- ¡Si desta salgo y no muero,
- no quiero máis bodas al cielo!

Manuel López Díaz (60)

**A raposa e a aiga nas vodas do ceo**

Díxolle a raposa a aiga:

- ¿Donde vas aiga, que vas tan bonita?
- Vou para unha voda pa el cielo ¿quieres vir?
- Si.

Foi subindo...e dicíalle:

- ¿Ves lo terreo?

E decíalle:

- Si.

Subía máis.

- ¿Ves lo terreo?

- Si.

—Pero, así que subiu moito, dícelle:

- ¿Ves lo terreo?

- No.

A aiga deu media volta e marchou á raposa para baixo, iba enfrente a unha pena, e decía:

- ¡Apártate, pena, que te parto!
- ¡Si esta tarde no muero,
- no quiero más bodas al cielo!

Manuel López Díaz (60)

### Marzo e o pastor

Tamén era outro que tiña carneiro, e tamén dixo, o mes de marzo, claro, é o peor, era o peor para as ovellas. Daquela viña mui mal tempo porque salían mui flacas do inverno, e no mes de abril xa tiñan que comer herba e, bueno, díxolle a marzo:

—Ai, marzo, si me sacas las ovellas do teu mes, heiche dar un carneiro.

Bueno, entonces veu moi bon tempo, veu mui bon tempo e non lle morreu. Faltaban tres días de marzo e dixo (marzo):

—Dáme logo o carneiro, ho. Saqueiche as ovellas e...

E dixo:

—¡Oi, ho, ahora sacáchesmas de marzo, ahora pasei o mes de marzo, ahora non che dou o carneiro.

E dixo:

—Deixa, que con tres días que me faltan de marzo e outros tres que me ha prestar meu irmán abril, de min non te has de rir.

E veu neve e auga e matoullas todas e ¡ala!

Manuel López Díaz (60)

### Tres caracois

Tiñan tres caracoles unha empanada; dous eran máis maiores e un era pequenín, e ó máis pequeno chamábanlle Remoldiño. E marcharon a come-la empanada ó monte, e díxolle:

—¡Ala, imos eiquí!

E levaban a empanada.

—¡E olvidóuseno-lo viño! ¡Remoldiño, vai tu polo viño!

E dice Remoldiño:

—Non, non vou, que coméde-la empanada.

Dixo:

—Non; que non, que non a comemos.

—Si que a comedes.

—Non comemos, non.

Ata que mandaron a Remoldiño polo viño. E Remoldiño, en vez de marchar polo viño, quedou detrás dunha pedra escoitando a ver se lle comían a empanada. E pasaron dous días e Remoldiño non volvía co viño, e dixeron:

—Bueno, Remoldiño non volve co viño, imos comer a empanada.

E saliu Remoldiño detrás dunha pedra e dixo:

—¡Íbades come-la empanada sin min, lampantíns! ¡Pois agora non vou polo viño!

Manuel López Díaz (60)



## CONTOS RUBIOS

### ¿Que lles fas?

Mira como foi que unha vez había dúas rapazas onda min e, de pacífico que son, verás o que me pasou.

Eu taba sentado no pico dun muro e taba caquelas dúas rapazas. E pasou unha señoraña, arriba, caminando, cas pernas non moi dereitas pero ela caminaba igual. E de alí a un ratiño ela volveu para baixo. Elas marcharan porque tuveran que ir á casa facer unhas cousas; se cadra logo volvían. E dixéronme:

—Oi, ho, ¿que lles fais, que non paran onda ti?

E dixen eu:

—¡Nada!

Dixo:

—¡Ai, nenín, pois xa che é abondo pra que non paren!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### Outro que se vai a América

Era unha vez un matrimonio que tiña unha filla, ho, e queríana casar cun rapaz rico, mui rico. E os padres andaban contando que tiñan moitos cartos, que nunca a besara ninguén, que moi traballadora, que tiña moitas cousas ó xeito; todo a xeito.

Bueno, total que encontraron alí un paduán que dixo que nunca cansaba, e que era mui traballador, e que facía e acontecía. E casáronse.

Pero, despois na cama, o home dixo: ¿E será verdá que nunca nadie lle deu un bico? ¿E será verdá que ten todas estas cualidades? ¿E será verdá ...?

E túvolle preguntando. Dixo:

—Oi, nena, eu antes de casarme abrazaba as rapaciñas. ¡Dios, que ben o pasaba! ¿E tu, nena?

Ela ó primeiro non lle dixo pero ultimamente seguiu contándolle e convencéoa, e díxolle:

—Bueno, eu tamén, algunha vez fizen algo máis. Un día tamén tuven con unha na cama. Que ben o pasaba. E tu, ¿non serías tonta? ¿tamén o farías?

E dixo:

—Bueno, algunha vez tamén.

—E, ¿pasaríalo ben?

—Moi ben. Moi ben.

Entonces o home disgustouse: ¡Oi, carai, non era o que me contaba o sogro! Agarrou e marchou para Cuba.

Bueno, entonces tiveron contando o padre e a madre.

—¿Por que marcharía?

- Pois eu que sei.  
 —Pois eu pregunteille a ela como se portara e dice que ben. E portáronse ben, e tiveron ben, e tal.  
 —Hei ir eu durmir con ela, heille preguntar —dixo o padre— Pregúntolle eu.  
 —No, no; esta noite durmo eu con ela e pregúntolle.  
 E o padre foise debaixo da cama.  
 —E, tu, ¿portaríaste mal algunha vez, nena, con el? ¿Trataríalo mal? ¡Non lle darías de comer?  
 —Nada; eu sempre me portei ben.  
 —Oi, nena, ¿e tu contaríaslle algo que anduveras cos outros?  
 Dixo:  
 —Contei. Caquel, e con fulano e con fulano.  
 Dixo (a nai):  
 —¡Oi, nena, se lle fora contar ó meu home as veces que o fixen de casada e todo!  
 E sale o outro (de debaixo) da cama e:  
 —¡Otro que se va pa la América!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### Casar e descasar

- Era unha rapaza que tiña un primo e parece que se casaban alí hacia o palleiro varias veces; parece que se casaban por alí.  
 Ie entonces un día díxollol á madre, díxolle que se casaba co primo no palleiro. E dixo (a nai):  
 —Pois non quero que te andes casando.  
 Ie dixo:  
 —Bueno, pois ímonos descasar.  
 I on día el casouse de verdá con outra. E cuando pasaba por onda casa dela, díxolle:  
 —¡Levas un bon home, nena! ¡Tan axina se casa como se descasa!  
 Ie ó lado de diante preguntoulle:  
 —Oes, ho, ¿por que che dice eso? ¿por que che dixo eso?  
 I el contoulle polo que fora. E dixo (ela):  
 —Por eso cuanta é a ignorancia; as veces que me levo eu casado co meu primo no palleiro e o carallo llo decía á miña madre.

Manuel López Díaz (60)

### Nunca nada me deu

Unha vez era un rapaz xa de edá i as familias querían que se casase. I el non se daba casado porque quería buscar unha que tuvese virgen. E desas non encontraría; que sei eu.

E dixéronlle:

—Pois tes que te casar, hombre. Tes que te casar.

E dixo:

—Bueno, bueno, pois vou ir ó convento cuando sallan as monxas, e hei reparar a que mellor me pareza, e preguntolle se quere salir dese cuerpo.

E foi e esperou que salisen. E saliron e tuvo mirando e elegiu unha. E dirixiuse a ela e díxolle se quería deixar ese cuerpo el que se casaba con ela.

E díxolle ela:

—Pois, si —que salía.

E saliu e casouse; casouse con ela. A primeira noite que durmiu con ela, pois apartou cinco pesos el. I ela preguntoulle por que os apartaba. Non lle dixo. Prá segunda noite volveu apartar outros cinco pesos, e volveulle a preguntar. E díxolle el:

—Bueno, pois hoi vouche dicir. Eu as que mol dan grátis, xa non pago nada, e as que tiña que pagar costábanme a cinco pesos. E así vou botándoos á parte, a ver o que aforro.

E dixo (ela):

—¡Oi, cuantas veces como o fizen eu co director do convento e nunca me pagou nada! ¡Regalábame unha estampa ó último e ala!

Gonzalo Fernández López (76)

### A min métesme o corno

Había un cura aí nun pueblo, cuando aquelas casas pallozas, tipo celta. A xente durmía na cociña e as mantas non eran moitas naquel entonces, moito con que taparse.

Entonces, o matrimonio durmía no pesebre das vacas. I ela durmía pa fóra, pola parte de afóra co cu hacia á cuadra, e el máis pa dentro, pa telo máis agachado.

Ela facía moitísimo por el. Era unha muller marabillosa, marabillosa, marabillosa. E, bueno, ela pola noite soñaba e facía:

—¡Ai, ai!

—¿Que che pasa, nena?

E decía; decía:

—¡A parda, neno, que me lambe as cachas!

Bueno, outra noite, as mesmas:

—¡Ai, ai! —igual-. ¡É a parda!

Pero desde que pasaron xa moitos días, dixo:

—No, no, hoi durmo eu do lado de afóra. ¡Por que non ha...! ¡Eu quero que tu durmas e descanses!

E foise poñendo e, claro, viñeron e aplicáronlle algo, e entonces o home púxoo de mal xenio e dixo:

—¡Parda, me cago en san diez! ¡Á outra lámbeslle o cu pero a min métesme o corno!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### **¡Ai, Manuel, ti si que es xeitoso!**

Había un xastre aí nunha parroquia, foi verdad, e ... cando era xoven botara unha novia con mil traballos. O xastre era pobre, era pouco decidido, era pouco atrevido e botou unha novia; e bueno, non se atrevía muito pero, algunha vez, foille conseguindo un biquiño..., e deulle un biquiño...e estaba mui contento, xa lle parecía que non a bicara nadie nunca, e outra vez un abracín fuerte...

—E bueno, e menos mal, mira si teño suerte, os outros non lles tocou nunca nada e eu como me arrimo a ela...

E...bueno, chegaron unha vez tanto, que chegaron adiante, chegaron a facelo completo. E cuando acabaron, que se erguiu ela aprisa e tamén se foi erguido el, e axudouna a erguir as braguiñas e a amañar a roupa e a componse toda, e díxolle:

—¡Ai, Manuel, ti si que es xeitoso, que os outros deixábanme todo de calquera xeito!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### **Viña da feira un xastre**

E outra vez tamén, vindo dunha feira ese mesmo xastre, e tamén viña cunha rapaciña e viñan mui animados; e fíxose noite e metéronse nun camín mui fondo e moi oscuro, moi oscuro, e dixo ela:

—¿Sabes que levo medo?

—Home, pois...non sei a que, nena, que vou contigo e heite defender todo o que poida.

—Pois teño medo e non mo dás quitado, e habíasmes quitado, ho.

—Pois non sei, non sei...¿Que medo tes? ¿A que tes medo?

—Teño medo a que botes comigo.

—Non, nena, non, non boto contigo que nos marcha a vaca.

—Anda, home... que la atamos aquí a esta raíz.

Pacífico Díaz Ramos (65)

### Un home que ía no coche de liña a Lugo

Unha vez tamén era un home que ía no coche de liña pra Lugo, e iba nun asiento, así sentado, claro, no coche de liña i e...subíuse unha rapaza ca falda corta, e díxolle...i o rapaz mirou pa rapaza, o home mirou pa rapaza, e díxolle ela:

—¿Gústalle as miñas pernas?

—E díxolle:

—Si, tes unhas pernas mui guapas.

E dixo:

—Si me dá mil pesetas enséñolle algo máis arriba.

E dixo...I el colleu as mil pesetas i ela enséñolle algo máis arriba, e dixo:

—Pois agora, si me dá mil pesetas enséñolle onde me operaron da perna.

E díxolle:

—¡Bueno,ho! Si me enseña onde a operaron da perna, xa me dirás.

E foi pasando, pasando e deu a volta á Ronda y alí no Pimentel, que había antes, ela dixo que se iban na estación de autobuses, e non lle enseñaba máis, non lle amosaba onde a operaron da perna, iban pasar subindo da Porta Santiago pe riba, e díxolle:

—¡Ai, nena! Acórdate de decirme...de enseñarme donde te operaron da perna.

E dixo:

—¡Ve, alí naquel sanatorio!

Manuel López Díaz (60)

### Unha muller da Pontenova que tiña o home enfermo

Unha vez era unha muller tamén, aí na Pontenova, e tiña o marido enfermo e..., e taba mui enfermo. I el un día chamouna, e díxolle:

—¡María!

—¿Que?

—¡Vén eiquí!

E dixo:

—¡Ai, Dios! Sei que estás mui malo.

—Non, non tou máis malo, tou igual, pro veño decirche que eu que morro, non teño solución; e tu vólvetes a casare que os..ou as viúvas non son nada respetadas, e tu vólvetes a casare.

—Non, non me volvo a casare, no.

—Consello do teu home, e mira teño aí dous trajes, ponme o máis ruín porque o millor pódete valer pra o outro.

—Non, heiche poñer o millor, que o outro de ombro gasta moito máis ca ti.

Manuel López Díaz (60)

### Por mirarlle prás pernas á criada do cura

Un Manoliño que..., foise confesar. E preguntoulle o cura os pecados que tiña cas mulleres; e díxolle que ningún, que namais lle mirara prás pernas unha vez á criada do cura.

E díxolle o cura:

—Bueno, pois teis que aiunar tres días.

E Manoliño veu prá casa e aiunou. Pero ó cabo dos tres días viu a besta do señor cura, (esa sabeis vosoutros), elí, elí, nun sitio, táballe mirando pró pan da Bouza.

E bueno, colleula e levoula a un muíño vello que había aló, aí abaixo hai un muíño vello aí en Veiga, aí pra baixo; aínda hai hoxe.

Colleuel e (?) o cura anduvo buscando, anduvo busca que busca na bestia, pero a bestia non parecía. E a mañá do terceiro día vio o Manoliño e díxolle:

—Manoliño, ¿víchela bestia?

—Si, a bestia leveillela eu ó muín de baixo.

E díxolle:

—¿E por que ma levache ó muín de baixo?

—Porque me estaba mirando pró pan da Bouza.

—¿E porque che estaba mirando pró pan da Bouza, comiachelo ou?

E dixo:

—¿I eu por mirarlle prás pernas da criada do cura, comíallelas, ou?

Manuel López Díaz (60)

### Deume tres direccións de moito carallo

Un que se iba confesar, nunha ocasión; mandoulle a madre que se fora confesar.

Pois irei.

—Vai, home, vai, que mira eres mozo e nunca te confesache. E nosoutros confesámonos sempre e ben sabes para ganar o ceo hai que estar preparado.

E foise confesar. E díxolle o cura:

—¿E ...e usted que pecados trae?

Dixo:

—Traigo un solo.

—Bueno, bueno, si no tiene mucha importancia...

—No, non ten moita. Pasei esta noite pasada con unha toda a noite. E, claro, teño que acusarme deso.

E díxolle o cura:

—Pois tenme que decir quen era, sinon non lle podo dar a absolución.

—¡Ai! Eso si que non, que me avisou moito ela que calase.

—Pois bótoo sin absolución.

—Pois botarame, pero eu non llo podo decir.

E dixo, díxolle o cura:

—¿É a Toña de Acolá?

—Non.

—¿É a Marisa de Riba?

—Non.

—¿É a Josefa de Abaixo?

Dixo:

—Pois non lle boto a absolución. Vaiase. Marchou e salíu á porta e dixo:

—¿E botouche a absolución o cura?

Dixo:

—¡Que carallo había botar! —dixo— ¡Botar, non ma botou a absolución, pero deume tres direccións de moito carallo!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### O meu cu de candileiro

Tamén había alí unha muller nunha parroquia que había tres curas; e chamábanlle a señora María.

E vírona alí ..., víron unhas rapaces que había alí (que) iban os tres curas pa onde a señora María. E colléronos os rapaces e dixeron:

—Hoy van os curas pa onde a señora María. Hamos collelos e hamos de facerlles pagar unhas cuartos para mañá que poidamos ir á festa.

E foron e colléronos os rapaces. E primeiro déronlles alí unhas bofetadellas, e despois, al cabo, os curas soltaron os cuartos. Pero un non tiña cuartos e puñérono así pernas arriba, atárono pernas arriba e metéronlle unha vela no cu. E despois o cura cuando lle caía o resto da vela que ardía escostoseábase. Estaba alí, claro.

E, bueno, despois, al cabo, soltárono ie déronlle..., eles os dous tiñan moitos cuartos, e déronlle á señora María para que comprase un traxe; e eles tamén repartiron.

I endoutor día entrou a señora María prá misa, guapa, iba guapa. Ie un cura (cantando):

—¡Que guapa vai a señora María!

E decía o outro (cantando):

—¡Á túa cuenta e máis á mía!

E decía o que non tiña cuartos (cantando):

—¡I eu por non ter diñeiro, o meu cu de candileiro!

Manuel López Díaz (60)

### O cura quere comprar a mamá

Unha vez era un matrimonio e tiñan un neno, un neno pequeno, e foron el (o neno) e o padre comprar unha vaca á feira.

Le compraron a vaca, e despois o padre miroulle os tetos á vaca, a piel e todo; bueno, tuvo mirando a vaca e bueno, marcharon ca vaca pra casa.

E vindo polo camín, díxolle o, o neno ó padre:

— Papá, ¿tu pra que miras tanto a vaca? ¿Pra que a rexistras tanto?

E díxolle:

— Ai, nenín -dixo-, pode ter algún defeuto nos tetos ou na piel. Hai que, hai que miralas.

E díxolle o neno:

— Ai, logo, non sei, a nosa mamá.

Dixo:

— ¿E, logo, nenín?

E díxo:

— Tamén a debe querer comprar o señor cura.

E díxo:

— ¿E logo?

— Porque a rexistrou eloutro día.

Francisco Mon Anda (71)

### Leite do cura non mamanan máis

Hai moitos anos taban os médicos, había os médicos nas aldeas. E había un médico nunha aldea, tiña vacas e tiña cabras, e tiña tal. E tiña unhos criados.

E parece que tiña unha muller que, claro, andaba máis limpa cas outras, e tal, e parece que ó cura se lle cobiciaba.

E díxolle, i o cura parece que algo lle dixo á muller, i a muller díxollo ó médico. E díxolle:

— Dille que veña esta noite. Dille que veña esta noite, que vou ver un doente.

Io, io médico quedouse por alí, escondido. Io cura veu. E díxolles ós criados:

— Collei o cura e levaio prá corte dos xatos —os xatos taban soltos— e desvestíu e ataio de pés e maos. Así, deste xeito, atailo ben atrais ó pesebre dos xatos e que teia alí.

E desvestírono e os xatos pola noite mamaban onde podían; e el taba desvestíu, e taban alí.

Endoutro día á mañá foron e díxolle-lo médico ós criados:

— ¡Soltai o cura! ¡Ide e soltaio!

E pasou pola porta así, e taba alí a muller do médico e díxolle:

— ¡Adiós, meu amante!

E díxolle o cura:

— ¡Adiós, miña besta! ¡E dille ó teu home que se quer manter os xatos que lles día herba, que leite do cura non mamanan máis!

Manuel López Díaz (60)



## CONTOS VARIOS

**O fouzo, o gato e o galo**

Unha vez eran tres irmaos, e marchou ..., marcharon da casa; non tiñan que comer e marcharon da casa buscando fortuna. E de feito quel atoparon. Un levaba un gato, outro levaba un galo e outro levaba un, un fouzo.

Ie chegaron por ediante andando moito e dixo ..., chegaron a un sitio donde taban segando. I había un tendo cuenta da palla, outro tendo cuenta do cicel i outro dáballe un golpe co martelo. I el levaba un fouzo e, e dixo:

—¿E cuantos días lle leva a segar esta finca?

—Pois, tantos.

E dixo:

—¡Home, se ma deixan a min solo, ségoa nun día!

—Ai, ¿e como fai?

E empezou a demostrarlles co fouzo, e dixeron:

—Ai, ¿cuanto val esa máquina? Ai, ¿cuanto val esa máquina?

E dixo; e dixo:

—Tanto, e que sei eu.

Compráronlle a máquina e o home fízose rico.

I o que levaba o gato chegou a un sitio que non había máis que ratos. Taba todo invadido de ratos. E chegou alí e dixeron, e déronlle de comer; dábanlle de comer así e metíanselle os ratos dentro:

—¿Como é esto?

—Pois é así que hai, temos moitos ratos e non ..., nada.

E dixo.

—Traigo eu aquí un saco que vereis como ...; nin rato, nin rata.

Saca o gato e empezan os ratos a marchar.

—Ai, ¿cuanto quere por eso?

—Tanto.

E, ala, o home fízose rico tamén.

E quedaba o do galo. E chegou a un sitio que nunca era de día; tiñan que ir buscar o día a carros.

Ie chegou alí e marcharan busca-lo día a carros aló onde lo había. Ie dixo:

—Bueno, pois traigo eu aquí un que cuando sea hora de ser día vereis como trai o día.

Ie mandou o galo ó poleiro; e aínda chegaron, chegaron as cinco e as seis da mañá, o galo deu de cantar.

I aínda non soaban cantar os carros de que viñan de buscar o día, xa era día alí. Cuando chegaron cos carros cheos, cheos de día, xa alí era día. Trouguéralo o galo.

### Un sogro, un xenro e un xastre

E unha vez foi un rapaz casarse a unha casa, que era i é, e claro el iba para alí. E cuando chegaba a hora de comer, o sogro refregaba as maos, comía ás escondidas e refregaba as maos, e dicía:

—Xa imos indo fartuquiños e xa imos indo fartuquiños. É tempo de parar.

Ie o xenro tiña que parar, cando paraba o sogro. I o xenro xa sabía que o sogro comía ás escondidas. E un día preguntouno un xastre que había alí na parroquia de alí.

—Oi, ho, ¿e que tal?

—Pois mui ben, menos que...meu sogro pásalle esto...¡me cago en diez! I eu non podoo comer.

Dixo:

—Bueno, a ver se tedes algo que coser, preparai algo que coser e ... hei de ir eu coser; chamaiame a min e verás como lle quito o costume.

E dixo...trataron de coser, dixo o xenro.

—Pois había que traer algo de roupa. E ¡así Dios me salve! Hai un xastre no meu pueblo que cose mutio ben, i asta barato, non cobra nada.

¡Carajo! Ó ver que cosía ben e... chamaron o xastre. I a comida daquela taba, nas cociñas de rastro, estaba toda na artesa, botábana na artesa. (¿Sabeis o que é a artesa?) I el vigilou onde botaba a comida. Ie dixéronlle:

—Bueno, agora que desaiunou, veña cortar ó cuarto. E dixo:

—No, non, eu onde como, corto.

Bueno. Chegou ó mediodía e volveron a sacar da artesa e, e volveu o sogro a refrega-las maos, e dixo:

—Xa imos indo fartuquiños, e xa imos indo fartuquiños.

E bueno, ¡ala! Pasou así, ei á noite tamén, dixeron:

—¡Ala, veña durmir ó cuarto!

E dixo:

—Non, eu onde como, corto,

i onde corto, coso,

i onde coso, durmo.

E pola noite, díxolle o amo, taba na cama, díxolle o sogro:

—¡Ai, Dios, María, non che podoo; téñoche unha famísima que non che podoo aguantar!

E dixo:

—Pois mira, nenín, ta o xastre encima da artesa e non podoo sacar nada de alí. ¿Que queres que che faga?

E dixo:

—Vai e faime unhas...¿Non hai algo de fariña nunha fardela, alí, en tal situación do forno?

—Si.

—Vai e faime unhas papiñas de trigo.

E levantouse a muller, facerlle as papiñas de trigo. Alí non tiña que ir á artesa, que a auga taba fóra e tal, i o lume. E levaba unha fuente e apañaba de cabo do lume da cociña de arrastro, apañaba a muller e botaba na pota. E levantouse o xastre e díxolle:

—¿Que ten aí, señora?

—Tou teñindo unhas medias.

Que daquela teñíase nas casas. E dixo:

—¿E que lles bota?

Como vía que apañaba así de abaxo.

—¡Bótolles cinza!

E empezou a presadas na cinza (?).

—¡Cuanta máis mellor, cuanta máis mellor, cuanta máis mellor!

E lo home tuvo que pasar, claro, sin a cena.

E en do outro día, díxeronlle ó xastre:

—Mire, señor, é mellor que se vaia pra outra ocasión que hoi non nos convén moito telo.

E dixo:

—Eu onde como, corto

i onde corto, coso,

i onde coso, durmo,

i onde empezo, acabo.

Manuel López Díaz (60)

### Xan e Pedro

Eran dous irmaos e a un chamábanlle Xan i outro chamábanlle Pedro. E Pedro marchou pra Castilla e Xan quedou; e tiñan unha horta de pan que segar. I e ... e díxolle:

—¡Ai, Xan!, cuando tea o pan pra segar, ségalo, que eu vou a Castilla.

E foi Xan e púxose a sega-lo pan cuando taba en flor, non tiña gra ningunha. E segou i atou i amarrotoulo e carretoulo e levouno pra onde lle dou(...?). E chegou o irmao de Castilla, e chegou Pedro de Castilla e díxolle, díxolle:

—¿Segache o pan, Xan?

—¡Seguei!

—¿E...i amorrotáchelo?

—Amorrotei. Segueino e ateino e amarroteino e carreteino.

—Bueno, pois logo imos mallar.

Iban mallalo, non tiña gra ningunha. E dixo:

—¿E tu que fizeche, Xan? ¡Ai, Dios, somos perdidos, agora non temos que comer, temos que marchar pedir; tu tes que levar a porta ó lombo i eu o cesto dos ovos.

E marcharon por aló adiante, un ca porta ó lombo i outro co cesto dos ovos. E chegaron e facía moita calor e subíronse a un carballo. E debaixo vir veu un rabaño de ladrois, e traían moitos cuartos, unhos montois de cuartos e tapáronse cunha manta a durmir. E díxolle Xan a Pedro:

— Oi, Pedro, eu téñoche moita gana de mexar.

E díxolle:

— Non mexes, que nos ven.

Dixo:

— ¡Non che podo aguantar!

E dixo:

— Bueno, pois mexa, pro mexa pouco.

E foi Xan e mexou o que lle deu a gana. De alí a un pouco, dixo... dicían os ladrois debaixo:

— Parece que llueve...¡Si llueve que llueva, mas que caigan puertas del cielo!

De alí a un pouco, díxolle:

— Oi, Pedro, téñoche moita gana de cagar.

Dixo:

— ¡Ai, Dios, non cagues, que si cagas si que nos ven!

E dixo:

— Pois non che podo aguantar.

E dixo:

— Bueno, caga, pero caga pouco.

E dicían os ladrois debaixo, que cagaban pola manta, e decían:

— Parece que nieva ¡Si nieva que nieve, mas que caigan puertas del cielo!

De alí a un pouco, díxolle:

— Oi, Pedro, eu non che podo ca porta.

E dixo:

— ¡Ai, Dios, non tire-la porta que entonces si que nos ven!

E dixo:

— ¡Pois non podo, non podo con ela, hala!

— E dixo:

— Bueno, tíraa, pero tíraa despacio.

E Xan foi e mandou a porta con un brío polo carballo abaixo. E baixaba a porta "tunturruntunturruntun". I os ladrois:

— ¡Oi, que ahí viene la tropa! ¡Oi, que ahí viene la tropa!

E marcharon. Entonces eles tamén marcharon (era como o caso do outro) e mandaron un volver. E taba Xan cantando, e cantaba mui ben, e díxolle o outro:

— ¡Oi,ho! ¿Por que cantas así ben?

E díxolle:

— Porque raspei na lingua, ¿quieres que che rasque a túa tamén?

E dixo:

— ¡Si!

E foi e cortoulla el por atrás.

I despois iba o outro para decirlles "esperaime aí" i decía:

—¡Alalalalalalaime aí!

I os outros trotaban todos. E entonces xa colleron os cuartos pra tras (?).

Manuel López Díaz (60)

### Un carneiro para San Antón

Había un señor que tiña un rebaño de carneiros i e, e claro, como San Antonio é tan milagroso, pois ofreceulle o millor carneiro a San Antonio a ver se...si non lle morría ningún ata tal mes. E díxolle..., e bueno, non lle morreu carneiro ningún.

E un día taba San Antonio no pico ese, na capilla no pico dun monte, e foi e levoulle o carneiro, colleu o pastor e levoulle o carneiro, e dixo...e chegou onde San Antonio e dixo:

—Bueno, traigoche aí co carneiro, eu ofrecínchelo e non morreu ningún, e traigoche aí co mellor.

E San Antón taba alí e non lle decía nada.

—Home, non me dices nada, pois outro mellor non che teño. Eu traigoche o millor.

E San Antonio nada dixo.

—Bueno, pois mira, quedache aí.

Foi i atoullelo a unha perna, dixo:

—Bueno, quedache aí.

Atoullelo a unha perna, e o carneiro sacudía, i era o mellor, bota có...E el marchou co rebaño pra baixo; bota o carneiro con San Antonio por entre o monte abaixo para chegar a onde a facenda, onde as ovellas. E díxolle o pastor:

—¡Agárrate, Antón, ás carpazas que te come o demo!

Manuel López Díaz (60).

### Miran como miro eu agora

Antes pasábase moita fame, moita xente. Entonces viña un home, que tu conócícheo, ..., do Caleiro, ..., e viña cenar todas as noites á casa de miña abuela; esto haberá ochenta anos que foi ou cerca de cen. E entonces viña todas as noites á hora da cena, el sabía a que hora cenaban. E unha noite díxolle miña abuela ós criados:

—Quando veña Manuel que naide lle día de comer.

E Manuel chegou e sentouse, e todos comían pero a Manuel nadie lle ofreceu, non. E Manuel taba acostumbrado a comer cando chegaba. E entonces díxolle ela:

—Manuel, ¿que pasa polo Caleiro, ho?

Era mui zarabeto, e díxolle:

— Pois, pois nada; pariu unha cabra e trougo tres cabritos.

— ¿E que fai un mentres os outros dous mamanan?

— ¡Pois miran como miro eu agora!

Francisco Mon Anda (71)

### **Veú o cura escarmentaló**

Era unha vez unha que ... que non falaba ben e tiña un enfermo na casa; e dixo:

— E, que, ¿que tal sigue?

— ¡Ai, mui mal, mui mal! ¡ Veú onte o cura escarmentaló!

I era esconxuralo.

Pacífico Díaz Ramos (65)

### **O labrador xordo**

Taba arando e era xordo, e mandou(no) a muller a arar, xa costoulle caro levántalo porque non iba ó rego; e por último foi salindo e foi arando, i era un día de feira e pasaba xente. E veú chegar un home cunha pollina e dixo, era xordo, e dixo:

— Hame decir que teño uns bois ben gordos e heille decir que a burra del que tamén; e hame decir que canto leva a horta e eu heille decir que leva fanega e media ; i hame decir que boto o pan mui fondo e heille decir que ata este nudo, tiña así un nudo na vara; i hame de preguntar que cal é o camín prá feira...

E chegou o paisano e dícelle:

— ¿Os bois son teus,ho?

E díxolle:

— E a túa burra tamén.

Dixó:

— ¡Ai, eso merda pra ti!

— Fanega e media.

Dixo:

— ¡Home, que che dean polo cu!

— Ata este nudo.

Dixo:

— ¡Mal raio te parta, ho!

— ¡Por aquíl camín arriba!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### A muller que tiña poucos fillos

Había unha muller, aquí no pueblo, que tiña poucos nenos, e morreulle un, unha nena. E díxolle a comadre, choraba por ela:

—Non chores, nena, non chores, non chorres por ela, quédanche de abondos, nena, quédanche de abondos.

E díxolle :

—¿E que me queda?  
¿e que me queda?  
Tres Maricas e tres Anicas  
e tres de las saias pardicas  
i tres de las negras,  
María Inés i otras tres  
i otras cuatro i el Peruchán  
i el otro muchacho  
i a afillada i a que mamaba.

Manuel López Díaz (60)

### A falta de memoria

O non ter memoria. Hai que ter memoria. Se non tes memoria...¿Non ves? Nunha ocasión tiña eu a voda posta e, por non ter memoria, non me acordei que día era a voda e quedei solteiro. A falta de memoria érase mui triste.

Pacífico Díaz Ramos (65)

### O home que lle daba paos á muller

Unha vez tuven un amigo que aínda era máis pacífico ca min.. Pero, bueno, tuvera máis decisión e casárase.

E, bueno, vivía ca súa muller, e de vez en cuando, ó mellor, tiñan algunhas refriegas, eh. Pero, mira si era pacífico que dáballe vinte paos e xa quedaba tranquilo. Era pacífico verdá.

E un día, cuando acabou de darlle os paos, ela chorou. Dixo:

—¡Condenado, pero dixeches antes, cuando éramos novios, que nos habíamos querer mientras vivísemos!

E dixo:

—¡Condenado, pero pensei que non habías durar tanto!

Pacífico Díaz Ramos (65)

### A muller que lle quería moito ó home

Era unha señora que lle quería moito ó seu home, ao seu marido, moito, moito, e bueno nunha ocasión algo que se lle enfermou e algo máis que se agravou; morreulle.

E bueno, foi onde o cura e ficéronlle o enterro, e o cura díxolle que iría pra o ceo e pra alí irá. Entonces, pasado algún tempo, a señora foi á funeraria donde comprara xa as coronas doutra vez e encargoulle outra corona, e dixo:

—¿E dedicareilla?

—¡Home, claro! ¡Home, que ha facer logo!

—¿E que lle poño?

—Mire, póñalle polos dous lados "que descanse en paz", e despois, si queda sitio, no centro, "que nos veremos no ceo".

E o rapaz equivocouse, non tomou nota, e puñía:

"Descanse en paz en dos lados y nos veremos en el cielo, si queda sitio, meu Jacobo".

Pacífico Díaz Ramos (65)

### ADIVIÑAS

Velaquí oito mostras de adiviñas nas que queda palpablemente reflectido o uso da ambigüidade, do dobre sentido e o recurso do equívoco tan característico do xénero e moi presente tamén noutras composicións populares.

#### AS TESOIRAS

Picos adiante,  
ollos atrás;  
si non eres burro,  
adiviñarás.

Manuel López Díaz (60)

#### OS PENDENTES

A carne da muller é dura,  
moito máis é quen a fura;  
métese o duro no brando  
e un pirindango colgando.

Elsa Álvarez Pasarín (54)



## AMASAR

Detrás de la puerta  
lo vi hacer,  
sacar y meter,  
dar ..... de barriga  
e non se perdía.

Antonio Fernández Fernández (36)

## O CABALO

Gordo lo tengo,  
más lo quisiera tener  
hasta que entre las piernas.  
no lo pudiera meter.

Elsa Álvarez Pasarín (54)

## A ZOCA E O PÉ

Y estando Juana panza arriba  
vino Juan y le metió  
una cuarta de carne viva.

Manuel López Díaz (60)

## O ANEL

I entre o disgusto e o gusto,  
e o gusto dunha muller,  
por un agujero moi justo  
pasa carne sin cocer.

Manuel López Díaz (60)

## A CABEZA CO PELO BRANCO

La sierra está blanca, [o pelo canoso]  
sesenta por ella, [sesenta anos]  
los muchos pocos, [pouco pelo]  
los largos cortos, [pouca vista nos ollos]  
los dos, tres. [poucos dentes]

Pacífico Díaz Ramos(65)

## OS MOCOS

O pobre tíraos  
e o rico apáñaos.

Manuel López Díaz (60)

## POESÍA POPULAR

Son tamén oito as mostras de poesía popular recollidas na polavila de Candelos, algunhas como é lóxico, cantadas. Entre elas teñen especial interese as tres primeiras: trátase de tres *repartos de burros* (dous deles incompletos). O *reparto* é un tipo de composición humorística moi frecuente na zona e moi celebrado debido ó seu carácter satírico e burlesco. Transcribimos tamén os interesantes comentarios feitos polos contertulios ó redor de ditos *repartos* nos que se dá noticia sobre autoría dalgún deles e tamén sobre a identidade dalgunhas das persoas aludidas.

"As meniñas de Veiga" é obra tamén dalgún poeta popular da zona. Sobre a peza que titulamos "As capadoras" consideramos que debe tratarse de dous fragmentos de dúas composicións distintas que aluden ós mesmos feitos (Unhas mozas de Troncos que seique caparan un home nun muíño). É probable, polo tema tratado, que circulasen en papeletas impresas ou "historias".

A musa popular da bisbarra está tamén presente nas coplas alusivas ó cura de Lamas de Moreira, adaptacións locais de esquemas clásicos do cancionero tradicional galego. A oitava composición (incompleta e con algunhas dificultades de transcripción) semella de feitío culto.

## A MULA QUE TIÑA FONTE

A mula que tiña Fonte\*  
morreu de trinta e cuatro anos,  
morreu no meio da corte  
de detrás dos mesmos escanos.  
O día oito de frebeiro  
levantouse Manuel\* da cama  
foi onda a corte, onda a mula  
e xa la atopou tirada,  
e pasouse por detrás  
foi e deulle un acozón:  
—Mula, ¿tu que tas facendo?  
parce que tas morrendo,  
e a mula contestoulle  
con voce mui dilatada:

— ¡Se fixera-lo favor  
de deixarme tar deitada!  
— Vouche buscar un remedio  
a ver se te pon mellor,  
voume chegar nun momento  
a xunto do capador.  
Chegou a onda o capador  
e díxolle estas palabras:  
— Témol a mula tirada,  
ten que vir á nosa casa.  
O capador foi e viual(?)  
e díxolle estas palabras:  
— A mula está acabada,  
hai que levala á furada,  
antes que o ganado coma,  
xuncerémo-las dúas grandes,  
a Castaña e a Paloma.  
(E saliu Manuel... )  
E saliu o tío Albino:  
— Hai que dar algo ós veciños,  
que eu téñochos polo pueblo  
que son moito meus amigos.  
E saliu Manuel dicindo  
con voz mui antecedente:  
— É millor aproveitala,  
que hai que dar algo ós parentes.  
Vamos prá casa de Sepe\*  
co peşcozo i a cabeza  
que prá reuma de Ricardo\*  
éche unha gran fortaleza.  
A patrona de Ciprán\*  
pediu a Dios con ternura :  
— Deixaime as cuatro canelas  
sin quitarlle as ferraduras.  
E saliu a nora dicindo,  
con moito orgullo e postín:  
— A usté ben lle chegan dúas  
e as outras dúas pra min.  
E tamén che preguntaron  
se as patas as tiña ferradas,  
saliu José de Candelos\*:  
— Téñochas eu ben marcadas.

(O outro)  
 Castizo\* taba na casa,  
 saliu pra fóra nervioso:  
 —Deixaime o óso palomo  
 para unha roldana pró pozo.  
 Vamos algo máis adiante,  
 vamos ondé Casanova,\*  
 que case hai unha legua,  
 darémoslle pouca cousa,  
 un lacón e maila lingua.  
 E ese Franciscón de Riba,  
 darémoslle algo da mula,  
 darémoslle pouca cousa  
 o remollo i a natura.  
 I as neniñas de Liñares  
 son moi decentes i honradas,  
 dámoslle-la piel da burra  
 pra que fagan unhas bragas.  
 Mira si lle quería ben  
 e si lle pesou por ela,  
 co día dos funerales  
 gastou vintacuatro velas.  
 E os cuatro ca levaron  
 Que non chas(sic) teño en olvido,  
 o Capador i o da Fonte,  
 Sanmartino i o tiu Milio.

- Notas.-**
- \*Fonte: veciño de Liñares (Navia de Suarna).
  - \*Manuel= Fonte.
  - \*Sepe: tratante de xatos de Liñares (Navia de Suarna).
  - \*Ricardo= Sepe.
  - \*Ciprán: Outro veciño de Liñares, carteiro.
  - \*José de Candelos: Irmán do informante (?)
  - \*Castizo: Outro veciño de Liñares.
  - \*Casanova: Outro veciño de Liñares.

O compositor destes repartos dos burros, ou mulos ou cabalos, era Aquilino, veciño de Castro de Arroxo, albeite e compositor de ósos, finado a mediados dos anos 90.

Os dous últimos versos cántaos (o informante) con aire asturiano.

## COMENTARIOS SOBRE OS "REPARTOS":

**Eq. Chaira:** ¿Estes repartos das burras cando se facían?, ¿polo Antroido?

**Todos:** Cuando morrían.

**Manuel:** Cuando morría unha burra vella i acabada...

**Azucena:** De feito, inda hoxe, cuando che morre unha, vas enterrala sin que te vexan.

**Elsa:** Ás escondidas, que non te vexa nadie, si non...

**Eq. Chaira:** ¿Pero segue habendo quen as fai...?

**Elsa:** Si, si.

**Manuel:** Hoi moito non, hoi habrá pouco...

**Antonio:** Hoi queda algún que sepamos, que algún queda...

**Elsa:** ¡Queda, queda!

**Antonio/Manuel:** Eí por Savane hai algún...\*

**Azucena:** E poñíase el mesmo dentro da canción, eh!

**Eq. Chaira:** ¿E esto de cando é, non sabe?

**Manuel:** Esto é de xa hai corenta anos ou por aí, ou máis...

**Eq. Chaira:** E así dalgún máis recente ...

**Gonzalo:** (A Manuel) ¿E a de Santón(?) non a sabes tu tamén?

**Manuel:** Seille unhos versos,...non a sei.

**Eq. Chaira:** Pero eses versos...

**Gonzalo:** A burra que tiña Soto/ morreu de trinta e dous anos/ morreu no medio da corte/ detrás do ...(?).

**Manuel:** Esa é a de ....

\*Segundo información posterior de Antonio Fernández queda outro autor de "repartos", Sergio de Savane (Seoane).

Manuel López Díaz (60)

## O VINTECINCO DE MARZO

O vintecinco de marzo,  
 un día mui señalado,  
 Sotín matou a mula  
 e tiña o conto calado.  
 E tiña o conto calado  
 e non o debiera ter,  
 que millor lle foi matala  
 que non darlle de comer.  
 Pasou por Villagocende,  
 ca conversación calada  
 e saliulle o Tumbo\* á porta:  
 —Para que vou desferrala.  
 Pasaron pola Retorta,  
 Sotín i o acompañante:

— Tu agarra polas orellas  
 i eu agarro polo rabo,  
 e cun empuxón pequeno  
 atrancamos un banzado.  
 E Sotín chegou á casa,  
 foi e sentouse no escano  
 e díxolles ás mulleres:  
 — Vou marchar ondé Queitano.  
 — Ondé Queitano non vaias,  
 que alí non teís a que ir,  
 se non cambiara-la mula  
 tiñas un bon cabalín.  
 Anduvo por Riu de Porcos (?)  
 i anduvo por Bustelín,  
 e desde que non valía nada,  
 metéronllela a Sotín.

...

\*O Tumbo era un ferrador que había.

Manuel López Díaz (60).

### A BURRA QUE TIÑA SOTO

A burra que tiña Soto  
 foille para Val de Ferreiros,  
 foron buscala á Retorta  
 os grandísimos larpeiros.  
 Saliu Redonda cos bois,  
 José de Guerra coas vacas:  
 — Vámonos pra aló, veciños,  
 mirai que estas non son chanzas.  
 Despois de moito traballo  
 puideron volvela ó carro,  
 i antes de chegar ó pueblo  
 xa o estaban esperando.  
 Francisco de Vin/Abuín (?)  
 zapateiro quere ser,  
 dámoslle o rabo da burra  
 pra que faga liñas pra coser...  
 (ou cousa así, non me acordo máis).

**Manuel:** Xa hai ben anos...

**Pacífico:** Tiña eu vintedous, cuando...

**Manuel:** Xa hai corenta anos ou por aí.

**Pacífico:** Vintedous anos tiña eu.

Manuel López Díaz (60)

### AS NENIÑAS DE VEIGA

As neniñas de Veiga  
escotaron pra un pandeiro,  
unhas poein a medio real  
e outras poein a real enteiro.  
As que poein a medio real  
sonche as de menos diñeiro  
e as que poein a real enteiro,  
tein máis parte no pandeiro.  
E agora o pandeiro ta feito  
¿quen lo ha repinicar?  
A filla da tía Agripina  
por se-la flor do lugar.  
E saliu a tía Pepa,  
dicindo que non, que non,  
que tiña ela dúas fillas  
que picaban de talón.  
E a tía Conceución de Baio,  
como che é tan presumida,  
anda chamando nos mozos  
pra face-la polavila.  
E Vitoria do Marqués,  
como che é así atrasada:  
—Deixaime parte no pandeiro  
que vos hei tosta-la cebada.  
I esa Ester de Pedrón,  
como che é así fatoa:  
—Deixaime parte no pandeiro  
se non eu vólvome tola.  
E saliu a tía Carme:  
—Eso non che poña medo,  
dámosche nove mil duros  
i o prado de Candaedo.  
—Non quero os nove mil duros  
nin o prado de Candaedo,  
o que quero é medio real  
pra ter parte no pandeiro.

Manuel López Díaz (60)

## AS CAPADORAS

**Manuel:** Das mulleres que caparan nun muín a un home...

Capador de Nonseidonde,  
xa podes vender silbato,  
que hai tres mozas en Troncos,  
que capan e non levan un cuarto.

Capárono no muín, parece que taban as tres...

**Pacífico:** O muín era do... (?), do ... (?)

En un molino de Freijo,  
donde Ron iba moler,  
las cuatro mozas de Troncos,  
allí lo fueron a ver.  
Dios...

Informante 1º: Manuel López Díaz (60).

Informante 2º: Pacífico Díaz Ramos(65).

## O CURA DE LAMAS

O cura de Vigo é xastre  
e o de Marín mariñeiro  
e o de Ourense afilador  
e o de Lamas un larpeiro.

E o señor cura de Lamas  
non ten camisa lavada  
e o cura de San Cristobo  
ten cincuenta na camada.

Manuel López Díaz (60).

## NACÍN NA BEIRA DO MONTE

Nacín na beiriña do monte  
unha tardiña sên sol  
i o ventíño do Petouto  
enrolloume (?) o corazón:  
Durmo muitas noites fóra,  
alégrame o ruiñeñor (?)  
i o ventíño do Petouto,  
envolveume o corazón.  
Sin pai nin mai sola quedei  
i as mocíñas...

**Nota.-** Non se acorda de máis. Era cantada

Francisco Mon Anda (71).